

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA DEPORTISTAS UNIVERSITARIOS DE ALTO NIVEL CURSO 2019/2020

A Universidade da Coruña convoca axudas para deportistas de alto nivel que estuden na Universidade da Coruña (UDC).

OBXECTO DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas a deportistas universitarios de alto nivel correspondente ao curso académico 2019/2020, como un instrumento adecuado para apoiar e recompensar o traballo daqueles deportistas que conseguen importantes resultados compaxinando os seus estudos universitarios nalgún centro propio da Universidade da Coruña.

Os Estatutos da Universidade da Coruña establecen no artigo 59 que unha das finalidades da extensión universitaria, delegada na Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, é “contribuír ao progreso e a difusión da actividade científica, técnica, cultural e deportiva no ámbito da comunidade universitaria e da sociedade”.

A dotación total das axudas é de dez mil euros (10.000 €) con cargo á partida orzamentaria 0300031070 422D 480.01, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes destas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculadas nun mínimo de 60 créditos na UDC no curso 2019/2020, en estudos oficiais de grao ou máster, antes do 01.10.2019 ou dos que lle resten para finalizar unha titulación oficial nun centro propio da UDC.
2. Non percibir ningunha axuda económica incompatible.

Estas axudas son incompatibles coas bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou da Administración autonómica e calquera outra para o mesmo fin.

Aqueles alumnos exentos total ou parcialmente do pago das taxas de matrícula de acordo co Art. 12 do Decreto 73/2019, DOGA 131 do 11 de xullo de 2019, perderán a parte da axuda correspondente a dita exención.

Estas axudas son compatibles coas axudas propias convocadas pola UDC tales como transporte.

3. Fosen seleccionados para representar ao noso país nos Xogos Olímpicos de 2016 ou cumprir con algún dos seguintes apartados desde a data límite de presentación de solicitudes até un ano anterior:



- I. Ser na actualidade un/ha deportista de alto nivel ou alto rendemento, de conformidade co establecido no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.
 - II. Ser na actualidade un/ha deportista galego/a de alto nivel (DGAN), de conformidade co establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.
 - III. Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos en campionatos oficiais nacionais de máxima categoría durante o curso académico 2018/2019.
 - IV. Ser seleccionado/a para representar o noso país en campionatos de Europa, do Mundo de competicións oficiais, e ou universitarias FISU e Universiadas.
 - V. Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos nos campionatos de España universitarios ou en campionatos universitarios internacionais, no curso académico 2018/2019 en representación da Universidade da Coruña.
4. Os estudantes estranxeiros non comunitarios, deberán acreditar a condición de residentes, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Xunto coa solicitude (Anexo I) achegaranse os documentos ou calquera medio de proba admisible en dereito que acredite cumprir algún dos requirimentos do punto 3 do apartado anterior, sen prexuízo de que a Comisión de Selección poida requirir outra documentación complementaria. No caso de persoas solicitantes que non cursaron estudos na Universidade da Coruña, deberán presentar o expediente onde deberá constar a certificación académica, a escala de cualificación farase de acordo coas táboas do Ministerio de Educación. No caso de non constar na devandita páxina o país ou a escala, a Comisión de Selección, á vista da certificación coa escala, establecerá a media correspondente.

CONTÍA E PERÍODO

A axuda económica inclúe os prezos públicos de 60 créditos en primeira matrícula e mais un fixo de 250 €. A concesión e o número das axudas reguladas nesta convocatoria terá como límite global o crédito asignado no orzamento para tal fin.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: D.^a Margarita Amor López, vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.



Secretario: D. Manuel Francisco Moya García, técnico de Deportes

Vogal 1: D. Juan José Fernández Romero, director de Deportes

Vogal 2: D. Xurxo Dopico Calvo (decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física)

Vogal 3: D.^a Teresa González Martínez, xefa da Sección de Bolsas da UDC

Vogal 4: D. Antonio Ripoll Aberti (profesor do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia)

Vogal 5: D.^a Rebeca Castro Doval (representante dos estudantes)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As axudas adxudicaranse en función de:

- Expediente académico: 50% (máximo 10 puntos), tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data de fin do prazo de solicitude da convocatoria. Ao estudantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios teráselle en conta a súa nota de acceso.

A cualificación a ter en conta no caso dos estudantes matriculados en segundos e posteriores cursos de graos universitarios e os de primeiro curso de máster, aplicaráselles un coeficiente corrector de 1,17 para os estudos da área de arquitectura e enxeñería, de 1,11 para os estudos da área de ciencias e de 1,05 para os estudos da área de ciencias da saúde.

Os méritos deportivos: 50% (máximo 10 puntos), tendo en conta o punto 3 dos requisitos dos solicitantes e pola baremación segundo o Anexo II desta convocatoria.

En caso de empate, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, maior número de matrículas de honra e, de persistir o empate, maior número de sobresalientes.

RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (TEO) unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamacións.

A listaxe definitiva das persoas admitidas, a adxudicación das axudas e mais a listaxe de agarda publicaranse igualmente no TEO.

Contra a resolución de adxudicación, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes.

OBRIGAS DA PERSOA ADXUDICATARIA

O/a estudante que reciba esta axuda comprométese a acudir á Gala do Deporte da UDC do curso 2019/2020.



En caso de ser convocado/a pola Área de Deportes da UDC, deberá asistir aos campionatos de España universitarios, ou outras competicións nacionais ou internacionais tanto nas súas fases previas como na fase final.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da axuda concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da axuda, a persoa interesada comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria. A devandita aceptación deberase efectuar no prazo de cinco días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución de adjudicación das axudas no TEO.

Poderase facer dalgunha das seguintes formas:

- Presencial na Área de Deportes da UDC (A Coruña ou Ferrol) mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:
 - Impreso de aceptación
 - Impreso de alta persoal
 - Impreso de datos bancarios (orixinal)
 - DNI
- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os impresos están dispoñibles na seguinte ligazón
http://www.udc.gal/sape/descarga_documentos/

Se no prazo de cinco días hábiles non se recibise a aceptación da persoa adjudicataria, entenderase que renuncia á axuda.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia das persoas adjudicatarias tivesen dereito á percepción da axuda, realizaranse a través da conta de correo electrónico indicada na solicitude, con xustificante de recepción, e disporán dun prazo de tres días hábiles para aceptaren a axuda mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado, entenderase que se renuncia a ela.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de solicitude será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no TEO da Universidade da Coruña, **até as 24:00 horas do día 31.01.2020.**

As solicitudes presentaranse, segundo o modelo que figura no Anexo I e a documentación xustificativa, nos rexistros desta universidade, dirixidas á Sección de Extensión Universitaria- Área de Deportes no Pavillón de Deportes, campus de Elviña (15071 A Coruña, nas seguintes localizacións:

- a) Rexistro Xeral: Reitoría, rúa da Maestranza 9, baixo, 15001 A Coruña.
- b) Rexistro Auxiliar: Campus A Zapateira-Facultade de Ciencias, baixo, 15071 A Coruña.



- c) Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, baixo, 15403 Ferrol.
- d) Sede electrónica UDC: <https://sede.udc.gal/>
- e) Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 18 de novembro de 2019

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I:

SOLICITUDE DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA DEPORTISTAS UNIVERSITARIOS DE ALTO NIVEL - CURSO 2019/2020

DATOS PERSOAIS (encher en letra maiúscula)

(*)NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións

Nome:.....Apelidos:.....

DNI:.....ou pasaporte:.....

Data de nacemento:...../...../.....

Enderezo familiar(*):.....

C.Postal:.....Poboación.....Provincia.....País.....

Teléfono*:.....

Enderezo electrónico:.....

*Deste número de teléfono poderá facer uso a Area de Deportes para contactar co alumno

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2019/2020:

Alumno de Grao -

Titulación:.....

Alumno de Máster -

Titulación:.....

Alumno/a de 3º ciclo (especificar o nome do programa de doutoramento):

.....

¿Solicitará bolsa do Ministerio para o curso 2019/2020?: SI NON

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2018/2019:

Estudos universitarios realizados no curso 2018/2019 (ou no último curso matriculado):

.....

Se estes estudos foron realizados noutra universidade,

indíquese:.....

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGAS: (poña unha X na documentación entregada)

Fotocopia do DNI do solicitante

Certificado de méritos deportivos federados expedido pola federación correspondente

Certificado de méritos deportivos universitarios, expedido pola Universidade (outras universidades)

Certificado de deportista de Alto Nivel, Alto Rendemento, DGAN

Expediente académico

A persoa que abaixo asina, declara responsablemente que é certa a información e a documentación incorporada á presente solicitude.

....., de de 2019

Sinatura do solicitante:

.....

De acordo co previsto na Lei Orgánica 5/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos solicitados neste impreso son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado. A responsabilidade do ficheiro automatizado corresponde á Universidade da Coruña, ante ela poderán os solicitante exercer os dereitos de información, acceso, rectificación e cancelación aos que se refire a citada Lei.

SECCIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA- ÁREA DE DEPORTES

Anexo II

BAREMO DE MÉRITOS DEPORTIVOS

Valoraranse os méritos deportivos obtidos en competicións finalizadas antes do prazo límite de presentación de solicitudes, e desde un ano natural anterior á devandita data límite, tendo en conta a especialidade deportiva pola que se opte.

En competicións e modalidades deportivas en que se participe en varias probas do mesmo campionato (atletismo, natación, deportes de combate etc...), valorarase unicamente o mellor dos resultados obtido, e en ningún caso se poderán sumar dous resultados dun mesmo campionato. Os puntos do devandito resultado sumarase aos puntos pola participación na competición.

Se a Comisión de Valoración o considera necesario, poderá outorgar até un máximo de 2 puntos máis por deportista, en casos de modalidades deportivas de características especiais ou de interese deportivo para a UDC.

No caso de que a suma das puntuacións dos méritos deportivos supere os 10 puntos (puntuación máxima), só se aplicarán os devanditos 10 puntos na valoración final.

Méritos puntuables e valoración:

a) Recoñecemento como deportista

Ser na actualidade, ou ser durante o ano natural anterior á data límite de presentación de solicitudes, deportista de alto nivel ou alto rendemento, de conformidade co establecido no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, ser deportista galego de alto nivel (DGAN), de conformidade co establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, ou pertencer ao plan ADO e ADOP:

- 3 puntos en calquera dos supostos descritos (non acumulables dentro deste apartado).

b) Competicións de ámbito universitario:

1.- Participar en fases finais dos campionatos de España universitarios representando a UDC.

- Por participación: 2 puntos
- Medalla de ouro: 3 puntos +
- Medalla de prata: 2 puntos +
- Medalla de bronce: 1 punto +

A participación supón a acreditación na devandita competición, ou tomar parte persoalmente en, polo menos, algunha das probas inscritas ou a disputa de, polo menos, un partido en deportes de equipo.



2.- Ser seleccionado/a polo Comité Español de Deporte Universitario (CEDU) ou pola federación nacional en que delegue o Consello Superior de Deportes, para representar a España e a UDC, en campionatos europeos, mundiais universitarios ou Universiadas da Federation International Sports University (FISU).

- Por participación: 4 puntos
- Medalla de ouro: 3 puntos +
- Medalla de prata: 2 puntos +
- Medalla de bronce: 1 punto +

c) Competicións oficiais federadas:

1.- Participar nos distintos campionatos de España federados en deportes individuais ou colectivos, por convocatoria das correspondentes federacións territoriais ou nacionais, nas categorías que lles correspondan ou superiores. Exclúense as competicións *open* sen convocatoria oficial por parte das federacións territoriais ou nacionais.

- Por participación: 2 puntos
- Medalla de ouro: 3 puntos +
- Medalla de prata: 2 puntos +
- Medalla de bronce: 1 punto +

2.- Ser seleccionado/a para representar a España en campionatos de Europa, do Mundo ou nos Xogos Olímpicos do 2016, polas respectivas federacións nacionais.

- Por participación: 6 puntos
- Medalla de ouro: 4 puntos +
- Medalla de prata: 3 puntos +
- Medalla de bronce: 2 puntos +